

Servizo BBVA Trader Bolsa

O Servizo BBVA Trader Bolsa é un servizo dirixido a aqueles clientes do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. que operan ou queren comezar a mercar e/ou vender accións e/ou ETF de forma recorrente a través das canles dixitais de BBVA, tanto na súa versión web coma na súa versión para dispositivos móbiles ou «app», ofrecendo a estes clientes determinada información e contidos, así como o acceso a tarifas especiais aplicables ás súas operacións de compravenda.

Dunha parte, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. («**Banco**» ou «**BBVA**»), con CIF A-48265169, representado neste acto por D. Manuel Agüi Torres, en virtude de escritura de poder outorgada perante Notario de Madrid D. Rodrigo Tena Arregui con data do 6 de outubro de 2021 e número de protocolo 5403, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. E doutra parte, o cliente («**Cliente**»).

Como podo contratar o Servizo BBVA Trader Bolsa?

O Servizo BBVA Trader Bolsa («**Servizo**») só se pode contratar a través da páxina web www.bbva.es ou a través da aplicación de BBVA («**Canles dixitais**») e non se pode contratar a través de ningunha outra canle habilitada de BBVA (oficina, teléfono, etc.).

Para contratar este Servizo, será necesario que o Cliente sexa titular de (i) un ou varios Contratos de Custodia, Administración e Intermediación de Valores («**Contrato de Valores**») e que non estean asociados a outros servizos (por exemplo, a un servizo de xestión discrecional de carteiras ou de asesoramento en investimentos), (ii) un Contrato de Conta Corrente e (iii) un Contrato Multicanle ou calquera outro que poida substituír ou completar este, que lle permita o acceso e operacións a través das Canles Dixitais, utilizando os códigos de usuario e contrasinal establecidos no devandito Contrato Multicanle.

A contratación deste Servizo afecta, no relativo ás tarifas que se detallan máis adiante, a todos os Contratos de Valores dos que o Cliente sexa titular. Naqueles casos nos que algún dos Contratos de Valores do Cliente teña máis dun titular e algún deles teña contratado outro Contrato de Valores, no que se refire ás tarifas, aplicarase o disposto no subapartado 2, letra d) do apartado seguinte.

Que contidos e tarifas están dispoñibles a través deste Servizo?

BBVA poñerá a dispor do Cliente os seguintes accesos, ben a través da páxina web e da aplicación ou ben a través dunha delas:

1- Información e contidos

O Cliente terá acceso a:

- a) Contidos formativos exclusivos.
- b) Eventos, seminarios web, boletíns exclusivos.
- c) Calquera outro contido, información ou servizo que BBVA poida poñer a dispor do Cliente.
- d) A opción de contratar o servizo de acceso en tempo real e o servizo de profundidade de mercado de cotizacións dunha ou varias bolsas. BBVA ofrecerá estes servizos de forma inmediata se isto non supón un custo adicional para o Cliente.

No caso de que algún destes servizos teña un custo, será necesario que o Cliente o contrate. BBVA informará ao Cliente, con carácter previo á contratación, dos custos asociados a estes servizos.

2- Tarifas especiais do Servizo

O Cliente terá acceso ás tarifas especiais aplicables («**Tarifas**») ás operacións de compravenda de accións e/ou ETF sempre que se tramiten a través das Canles Dixitais.

As tarifas establecidas no Contrato de Valores aplicaranse ás ordes procesadas polo Cliente a través de canles distintas ás Canles Dixitais.

As Tarifas que se indican a continuación seranlles aplicables ao Cliente no momento da contratación do Servizo e aplicaranse sobre as **ordres de compravenda de accións e/ou ETF** que se tramiten polas **Canles Dixitais**.

As Tarifas **non inclúen os canons, aranceis, impostos, taxas, etc. que resulten de aplicación en cada caso**, que se lle liquidarán ao Cliente xunto coas Tarifas aplicables polo BBVA.

a) Perfís de Tarifa:

O Servizo establece 3 perfís de condicións económicas aplicables («**Perfil de Tarifa**») en función do número de ordes executadas de compra e venda sobre accións e/ou ETF («**Número de Operacións**») durante un determinado «Período de Tarifa».

As derivadas de Operacións financeiras non se computarán como Número de Operacións (como exemplo: vendas en ofertas públicas de adquisición de valores, subscricións de valores, compravenda de dereitos, reinvestimento de dividendos e calquera outra que non derive dunha orde de compra ou venda instruída polo propio cliente a través das Canles Dixitais).

Con carácter xeral, o Perfil da Tarifa «T1» é o que se lle asignará no momento da contratación deste Servizo. Non obstante, en función do Número de Operacións realizadas polo Cliente durante un Período de Tarifa, o Banco asignará un Perfil de Tarifa superior (máis beneficioso) e de forma automática ao acadar o Número de Operacións requirido en cada Perfil de Tarifa nas condicións descritas neste Servizo. O devandito Perfil de Tarifa revisarase trimestralmente consonte o indicado neste documento.

b) Cambios no Perfil de Tarifa:

A «Data de revisión da Tarifa» considerarase o último día natural de cada Período de Tarifa (31 de marzo, 30 de xuño, 30 de setembro e 31 de decembro), momento no que o Banco revisará o Perfil da Tarifa aplicable ao Cliente. Así mesmo, os Períodos de Tarifa correspóndense con cada trimestre natural, agás o primeiro deles, que comezará, para o Cliente, na data en que contrate o Servizo e rematará na segunda Data de Revisión de Tarifa seguinte.

Para pasar a un Perfil de Tarifa máis beneficioso, o Cliente debe acadar o número de Operacións requiridas para beneficiarse do Perfil de Tarifa inmediatamente superior (que pode verse no cadro seguinte). Unha vez acadado o Número de Operacións esixido, o Cliente pasará automaticamente ao Perfil de Tarifa inmediatamente superior ao que tiña, sen ter que esperar á Data de Revisión de Tarifa, de xeito que, a partir deste momento, todas as ordes cursadas polo Cliente, a través de Canles Dixitais incorrerá as comisións correspondentes ao novo Perfil de Tarifa.

Por outra banda, para pasar a un Perfil de Tarifa menos beneficioso para o Cliente, os cálculos do Número de Operacións realizaranse en cada unha das Datas de Revisión de Tarifa, nas que se contabilizará o Número de Operacións executadas no último Período de Tarifa, para determinar se corresponde ou non un cambio no Perfil de Tarifa. No caso de que nunha Data de Revisión da Tarifa non se sigan cumprindo os requisitos esixidos de Número de Operacións para manterse nun Perfil de Tarifa determinado, modificarase o Perfil de Tarifa ao que corresponda en función do Número de Operacións esixido en cada Nivel de Tarifa recollido na seguinte táboa.

Sen prexuízo do anterior, se nas Datas de Revisión de Tarifa o Número de Operacións requirido no último Período de Tarifa do trimestre anterior para manter ese Perfil de Tarifa fose inferior ao requirido, terase en conta a media aritmética do Número de Operacións dos Períodos de Tarifa dos últimos catro trimestres (incluído o Período de Tarifa no que se realiza o cálculo) e, se este é igual ou superior ao fixado no Perfil de Tarifa actual do Cliente, este Perfil de Tarifa manterase para o seguinte Período de Tarifa, co obxectivo de que se nun período determinado o Cliente non opera ou realiza un Número de Operacións inferior á súa operativa habitual, non se vexa prexudicado o seu Perfil de Tarifa actual.

c) Niveis de Tarifa deste Servizo:

Perfil de Tarifa ►	Tarifa 1 (T1)		Tarifa 2 (T2)		Tarifa 3 (T3)	
N.º operacións no Período de Tarifa ►	1 a 9 operacións		10-15 operacións		> 15 operacións	
	Mercado nacional	Mercado internacional	Mercado nacional	Mercado internacional	Mercado nacional	Mercado internacional
Efectivo inferior a 2.000 €	5 €	20 €	4 €	15 €	3 €	10 €
Efectivo de 2.000 a 19 999,99 €	10 €	25 €	8 €	20 €	3 €	10 €
Efectivo desde 20 000 €	10 € + 0,25 % sobre o exceso de 20 000	25 € + 0,25 % sobre o exceso de 20 000	8 € + 0,15 % sobre o exceso de 20 000	20 € + 0,18 % sobre o exceso de 20 000	3 € + 0,05 % sobre o exceso de 20 000	10 € + 0,15 % sobre o exceso de 20 000
Xestión de divisa (1)		0,45%		0,25%		0,05%

As % indicadas aplícanse (multiplicando) sobre o valor efectivo da operación, agás os relacionados coa Xestión de divisa que se explican na nota 1.

(1) Custo da xestión da divisa nos supostos nos que se opere nunha divisa distinta do euro. Aplícase unha marxe implícita no tipo de cambio recollido que figura na táboa anterior, aplicando a % indicada sobre o tipo de cambio en cada caso e segundo o Perfil da Tarifa. Tomarase en conta o tipo de cambio con catro decimais.

Como exemplo, aplicando o Perfil de Tarifa 3, para unha operación de compra por un contravalor de 2.500 USD e un tipo de cambio do EUR/USD de 1,0674, o tipo de cambio aplicado sería $1,0674 \times 0,05\%$ (spread=0,0005), sendo o tipo de cambio aplicado de 1,0679 ($1,0674 + 0,0005$). Isto supón un custo implícito de 1,10 € [$(2.500 \text{ USD}/1,0674) - (2.500 \text{ USD}/1,0679) = 1,10 \text{ €}$] ou en termos porcentuais do 0,047 %.

No caso dunha operación de compra por un contravalor de 25 000 SEK e un tipo de cambio do EUR/SEK de 11,2800, o tipo de cambio aplicado sería de $11,2800 \times 0,05\%$ (spread=0,00564), sendo o tipo de cambio aplicado 11,28564 ($11,2800 + 0,0056$). Isto supón un custo implícito de 1,10 € [$(25\,000 \text{ SEK}/11,2800) - (25\,000 \text{ SEK}/11,2856) = 1,10 \text{ €}$] ou en termos porcentuais un 0,049 %.

No caso dunha operación de venda, o spread calculado restaríase do tipo de cambio inicial.

d) Conta de valores con varios titulares. Especialidades

Nos casos nos que o Cliente teña un Contrato de Valores con varios titulares, o Número de Operacións computará unicamente a favor do titular que primeiro contratase este Servizo.

Ao resto de Contratos de Valores, se os houber, que teñan o resto dos titulares, aplicaráselles as tarifas que correspondan ao Número de Operacións realizadas neses contratos (sempre que teñan contratado este Servizo).



Que uso podó facer da información e contidos deste Servizo?

A información e os contidos ofrecidos (cursos, seminarios web, eventos, etc.) que en cada momento estean dispoñibles con motivo da contratación do Servizo serán de uso exclusivo do Cliente, que non poderá, entre outras cousas, utilízalos para outra finalidade, cedelos, copialos ou compartilos con terceiros.

Cal é o custo deste Servizo?

Este servizo é gratuíto, polo que non terá ningún custo para o Cliente, a excepción dos mencionados na táboa incluída no subsección 2 letra c) do apartado «Que contidos e tarifas están dispoñibles a través deste Servizo?».

Como nos comunicaremos?

As comunicacións e o envío de información entre as partes rexeranse polo disposto no Contrato de Valores asinado polas partes.

Mediante a sinatura deste documento, o Cliente autoriza ao Banco a remitirle calquera documentación que deba achegarse en soporte duradeiro, por calquera dos medios e vías habilitados polo Banco en cada momento e que se recollen no Contrato de Valores.

Outras condicións

Ao presente Servizo resúltalle aplicable a lexislación española. Para todas as cuestións do mesmo, as partes acordan someterse ao foro no que o Cliente teña o seu domicilio segundo este Servizo.

Consonte o previsto na Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre Condicións Xerais da Contratación, todas as Condicións deste Servizo son Condicións Xerais.

Entrada en vigor, duración e vencemento

Mediante a súa sinatura, a través das Canles Dixitais, o Cliente dará a súa conformidade a este documento, entrando en vigor o Servizo na data da sinatura das partes.

O Servizo páctase cunha duración indefinida e poderá, non obstante, vencerse en calquera momento tanto polo Banco coma polo Cliente, sen necesidade de xustificar ningún motivo, comunicándollo á outra parte, cun aviso previo mínimo de 30 días naturais.